

Luns, 12 de setembro de 2022

Núm. 174

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****FORNELOS DE MONTES****Presupostos e cadros de persoal***APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2022**EDICTO*

O Pleno do Concello de Fornelos de Montes en sesión ordinaria celebrada o día 1 de setembro de 2022 aprobou inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio de 2022, así como o cadro de persoal, o anexo de persoal e demais anexos para o devandito exercicio. Dando cumprimento ao disposto nos artigos 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público a través do portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Fornelos de Montes (<https://fornelos.sedelectronica.gal>), polo prazo de 15 días hábiles, prazo que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP, coa finalidade de que durante este tempo os interesados poidan examinalo e presentalas reclamacións que estimen oportunas ante o Pleno da Corporación. Se non se presentasen reclamacións, o orzamento considerarase definitivamente aprobado sen necesidade dun novo acordo do Pleno.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

O alcalde — Emiliano Lage Rodríguez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:116VDZ6ZRPD085PE

